



PAIXÓN POR FERROL

ACTOS LITÚRXCICOS

PASEOS EN BARCO

CICLO DE MÚSICA

VISITAS GUIADAS

TREN TURÍSTICO

GASTRONOMÍA

EXPOSICIÓN

PROCESIÓN

EXCURSIÓN

EQUIOCIO

SEMANA SANTA 2011

DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL

Edición

Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol

Deseño

Item - Aga

Fotografías

Ovidio Aldegunde

Juan Balsa

Arquivo Coordinadora de Confrarías (Ignacio del Moral Gómez)

Arquivo Equiocio

Depósito legal

C 802-2011

ÍNDICE

PROCESIÓN	02
CICLO DE MÚSICA	22
EQUIOCIO	28
VISITAS GUIADAS	36
EXCURSIONES	42
EXPOSICIONES E ESPECTÁCULOS	46
GASTRONOMÍA	54





PROCESIONES ACTOS LITÚRGICOS E CONFRAÍAS



PROCESIÓNS

■ DOMINGO DE RAMOS (17 de abril)

PROCESIÓN DE XESÚS AMIGO DOS NENOS

Organiza: Confraría das Angustias

11.15 horas: Beizón de Ramos

11.30 horas: Saída da procesión

Percorrido: Santuario (praza das Angustias), Carlos III, Ánimas, Avda. de Esteiro, Ramón y Cajal, retirada na Igrexa de N^o. S^a. do Pilar.

Paso: Xesús Amigo dos nenos.

PROCESIÓN DA ENTRADA TRIUNFAL DE XESÚS EN XERUSALÉN

Organiza: Confraría de Dolores

12.15 horas: Beizón de Ramos

13.00 horas: Saída da procesión

Percorrido: Méndez Núñez, Real, Sánchez Barcaiztegui, Magdalena, Terra, Real, Méndez Núñez e retirada.

Pasos: San Xoán Evanxelista (S. XVII), A Burriquiña (Massagué).

PROCESIÓN DO ECCE HOMO

Organiza: Confraría da Orde Terceira

20.00 horas

Percorrido: Capela da Venerable Orde Terceira de San Francisco, Glorieta da Orde Terceira, Real, San Diego, Magdalena, Rubalcava, Real, Glorieta da Orde Terceira, Capela da venerable Orde Terceira de San Francisco.

Pasos: San Pedro Apóstolo (Anónimo, S. XVIII), Cristo da Boa Morte (David Dos Santos Feal, 2002) e Ecce Homo (Florencio Gambino, 1750).

PREGÓN DA SEMANA SANTA FERROLA

Sábado, 26 de marzo

Pregonero:

D. Antonio Pelayo Bombin
Concatedral de San Xiao
20.30 h

ACTOS LITÚRXCOS NA CONCATEDRAL DE SAN XIAO

**DOMINGO DE RAMOS
17 de abril**

- 11.45 h
Beizón de Palmas e Ramos
- 12.00 h
Santa Misa

**XOVES SANTO
21 de abril**

- 18.00 h
Cea do Señor
- 22.00 h
Hora Santa

**VENRES SANTO
22 de abril**

- 11.00 h
Via Crucis
- 17.00 h
Celebración da Paixón
- 20.00 h
Acto de Vésperas

**SÁBADO SANTO
23 de abril**

- 23.00 h
Vixilia Pascual

■ LUNS SANTO (18 de abril)

PROCESIÓN DA COROACIÓN DE ESPÍNAS, A PRIMEIRA CAÍDA E A VIRXE DA AMARGURA

Organiza: Confrarías de Dolores - **21.00 horas**

Percorrido: Méndez Núñez, Real, Sánchez Barcaiztegui, Magdalena, Rubalcava, Real, Méndez Núñez e retirada.

Pasos: A Coroación de Espiñas do Noso Señor Xesucristo, a Primeira Caída na vía dolorosa e a Santísima Virxe na súa Amargura.

■ MARTES SANTO (19 de abril)

PROCESIÓN DO CRISTO DA BOA MORTE

Organiza: Confraría da Orde Terceira - **20.00 horas**

Percorrido: Capela da Venerable Orde Terceira de San Francisco, Gorieta da Orde Terceira, Espartero, Baluarte, Socorro, Mercé, Benito Vincto, San Francisco e Capela da Venerable Orde Terceira de San Francisco. Á chegada á Igrexa Parroquial do Socorro farase a ofrenda floral ante a imaxe titular da Parroquia.

Pasos: Cristo da Boa Morte (David Dos Santos Feal, 2002).

PROCESIÓN DE XESÚS ATADO Á COLUMNA, O CRISTO DO SOCORRO E A SANTÍSIMA VIRXE DA ESPERANZA

Organiza: Confraría de Dolores - **21.00 horas**

Percorrido: Méndez Núñez, Real, Sánchez Barcaiztegui, Magdalena, Rubalcava, Real, Méndez Núñez e retirada.

Pasos: Xesús atado á columna, Cristo do socorro, Cristo penitencial e a Virxe da Esperanza (Anónima, S. XVII).

■ MÉRCORES SANTO (20 de abril)

PROCESIÓN DO CRISTO DOS NAVEGANTES

Organiza: Parroquia do Socorro

19.30 horas

Percorrido: Barrio de Ferrol Vello.

Paso: Cristo dos Navegantes.

PROCESIÓN DA NOSA SEÑORA DA MERCÉ E DO SANTÍSIMO CRISTO REDENTOR

Organiza: Confraría da Mercé

19.30 horas

Percorrido: Capela da Mercé, María, Arce, Real, Sánchez Barcaiztegui, Magdalena, Terra, Real, Méndez Núñez, María, Capela da Mercé.

Pasos: Nosa Nai da Mercé (Jesús Méndez Lastrucci, 2004) e Cristo Redentor (José Rivas, 1927).

PROCESIÓN DO CRISTO DO PERDÓN E MARÍA SANTÍSIMA DOS DESAMPARADOS

Organiza: Confraría das Angustias

21.00 horas

Percorrido: Santuario (praza das Angustias), paseo de Pablo Iglesias, Carmen, Real, Coruña, Magdalena, Carmen e retirada no Santuario da N^ª. S^ª. das Angustias.

Pasos: Cristo do Perdón (Guerra Felipe, 1864) e María Santísima dos Desamparados (Portugal, S. XIX).



PROCESIÓN DA PENITENCIA

Organiza: Confraría de Dolores

21.30 horas: Acto Penitencial

22.00 horas: Saída da procesión

Percorrido: Méndez Núñez, Real, Sánchez Barcaiztegui, Magdalena, Terra, Real, Méndez Núñez e retirada.

Paso: Cristo Xacente

■ XOVES SANTO (21 de abril)

PROCESIÓN DA PONTIFICIA, REAL E ILUSTRE CONFRARÍA DA NOSA SEÑORA DAS ANGIUSTIAS

Organiza: Confraría das Angustias - **19.30 horas**

Percorrido: Santuario (praza das Angustias), Carlos III, Españaoleto, Soto, San Amaro, Lugo, Real, Sánchez Barcaiztegui, Magdalena, Carmen, paseo de Pablo Iglesias e retirada solemne no Santuario da N^a. S^a. das Angustias.

Pasos: Xesús Nazareno (Florencio Severo Gambino, S. XVIII), Cristo da Agonía (Florencio Severo Gambino, 1789), Cristo Xacente (Guillermo Feal, 1957), N^a. S^a. das Angustias (Anónimo, S. XVIII).

PROCESIÓN DO CRISTO DA MISERICORDIA E MARÍA SANTÍSIMA DA PIEDADE

Organiza: Confraría de Dolores

23.00 horas

Percorrido: Méndez Núñez, María, Arce, Magdalena, Carmen, Galiano, Plaza de Armas, Terra, Real, Méndez Núñez e retirada.

Pasos: Oración no Horto, Prendemento, Cristo Redentor, Cristo da Misericordia, Cristo Xacente e Virxe da Piedade.



■ VENRES SANTO (22 de abril)

PROCESIÓN DA NOSA SEÑORA DOS DOLORES

Organiza: Confraría de Dolores

11.30 horas

Percorrido: Méndez Núñez, Real, Sánchez Barcazitegui, Magdalena, Rubalcava e Praza de Armas.

Pasos: San Xoán, Verónica e Virxe de Dolores.



PROCESIÓN DE XESÚS NAZARENO

Organiza: Confraría de Dolores

11.45 horas

Percorrido: Méndez Núñez, Real, Terra e Praza de Armas.

Paso: Xesús Nazareno.

PROCESIÓN DO SANTO ENCONTRO

Organiza: Confraría de Dolores

12.30 horas - Praza de Armas

Percorrido: Praza de Armas, Terra, Real, Méndez Núñez, Igrexa de Dolores.

Pasos: Xesús Nazareno, San Xoán, Verónica e Virxe de Dolores.

PROCESIÓN DO CRUCIFICADO

Organiza: Confraría da Mercé.

16.45 horas

Percorrido: Capela da Mercé, María, Arce, Real, Coruña, Dolores, Méndez Núñez, María, Capela da Mercé.

Pasos: Cristo Redentor (José Rivas, 1927).

PROCESIÓN DO TRASLADO

Organiza: Confraría de Dolores

18.30 horas

Percorrido: Méndez Núñez, Real, Sánchez Barcaiztegui, Igrexa.

Pasos: San Xoán Evanxelista, Virxe de Dolores.

PROCESIÓN DO SANTO ENTERRO

Organiza: Confraría do Santo Enterro

19.00 horas

Percorrido: Concatedral de San Xiao, Igrexa, Sánchez Barcaiztegui, Magdalena, Rubalcava, Real, Arce, Magdalena, Sánchez Barcaiztegui, Igrexa, Concatedral de San Xiao.

Pasos: Santa Urna do Santo Enterro (Urbano Anido, 1891), Santísimo Cristo do Santo Enterro (Manuel Corgo, 1891), San Xiao e Virxe de Dolores.

PROCESIÓN DA SOIDADE

Organiza: Confraría da Orde Terceira

21.00 horas

Percorrido: Glorieta da Orde Terceira, Real, San Diego, Magdalena, Rubalcava, Real, Glorieta da Orde Terceira, Capela da Venerable Orde Terceira de San Francisco.

Pasos: Santa María Magdalena (Guillermo Otero Feal, 1956) e Santísima Virxe da Soidade (Anónimo, S.XVIII).

PROCESIÓN DE “OS CALADIÑOS”

Organiza: Confraría de Dolores

23.30 horas

Percorrido: San Xiao, Sánchez Barcaiztegui, Magdalena, Terra, Real, Méndez Núñez, Amboage e retirada.

Pasos: San Xoán e Virxe de Dolores.



■ SÁBADO SANTO (23 de abril)

PROCESIÓN DA CARIDADE E O SILENCIO

Organiza: Confraría das Angustias - **20.30 horas**

Desde as 9.00 horas, recollida de esmola para o Refuxio do Santo Hospital de Caridade a cambio dunha flor dos tronos que procesionaron en Semana Santa.

Percorrido: Santuario (praza das Angustias), paseo de Pablo Iglesias, Carmen, Real, Concatedral de San Xiao –onde se fai entrega da esmola ao Cabido do Santo Hospital de Caridade–, Igrexa, Cantón, paseo de Pablo Iglesias e retirada no Santuario de N^a. S^a. das Angustias.

Pasos: Cruz Sudario (Anónimo, S. XVIII), Virxe da Caridade e o Silencio (Anónimo, S. XVIII).

■ DOMINGO DE RESURRECCIÓN (24 de abril)

PROCESIÓN DE XESÚS RESUCITADO AO ENCONTRO COA SÚA NAI

Organiza: Confraría da Orde Terceira - **12.00 horas**

Percorrido: Capela da Orde Terceira, Real, San Diego, Magdalena, Terra, praza da Constitución.

Paso: Xesús Resucitado (Talleres Olot, 2004).

PROCESIÓN DE MARÍA MAGDALENA AO ENCONTRO DE XESÚS RESUCITADO

Organiza: Confraría da Mercé.

12.15 horas

Percorrido: Capela da Mercé, María, Arce, Real, Terra, praza da Constitución.

Paso: María Magdalena (2008).

PROCESIÓN DA VIRXE DA LUZ AO ENCONTRO CO SEU FILLO

Organiza: Confraría das Angustias. - **12.30 horas**

Percorrido: Santuario das Angustias, paseo de Pablo Iglesias, praza da Constitución.

Paso: María Santísima da Luz (Anónimo, S. XIX).

PROCESIÓN DA RESURRECCIÓN

Organizan: Confrarías da Orde Terceira, Mercé e Angustias.

12.30 horas: Gozoso encontro na Praza da Constitución (rematado o mesmo formarase unha única procesión coas confrarías da Orde Terceira, a Mercé e as Angustias).

13.00 horas (aprox.): Reinicio da procesión.

Percorrido: Praza da Constitución, Terra, Real e retirada na capela da Venerable Orde Terceira.

Pasos: Santa María Magdalena (David Dos Santos Feal, 2006), Xesús Resucitado e María Santísima da Luz (Anónima, S. XIX).

ACTOS DA SEMANA SANTA NAS CONFRARÍAS

COORDINADORA DE CONFRARÍAS

Día 12 de marzo

■ **Acto penitencial de Cuaresma**

Lugar: Colexio Tirso de Molina

Hora: 11.00 horas

Día 8 de abril

■ Viacrucis

Hora: 20.30 horas

Percorrido: Igrexa de Dolores, Méndez Núñez, María, Arce, Real, Sánchez Barcaiztegui, Igrexa, Concatedral de San Xiao. Alí faranse as 14 estacións de penitencia.

Unha vez rematadas as estacións, iniciárase o regreso co seguinte percorrido: Concatedral de San Xiao, Igrexa, Sánchez Barcaiztegui, Real, Méndez Núñez, Igrexa de Dolores.

Día 10 de abril

■ Certame de bandas

Participan: Banda Cristo do Amor de Acotaga, Banda Veteranos de Acotaga, Banda da O.J.E., Banda das Angustias, Banda da Amargura, Banda Ferrol.

Lugar: Teatro Jofre

Hora: 19.00 horas - Entrada libre

Do 14 ao 24 de abril

■ Exposición “A Paixón”

Autor: José González Collado

Lugar: Casino Ferrolán

Inauguración: 14 de abril ás 20.00 horas - Entrada libre

Día 11 de xuño

■ Vixilia de Pentecostés

Lugar: Colexio Tirso de Molina

Hora: 11.00 horas

Día 26 de xuño

■ Festividade de Corpus Christi

Eucaristía na Concatedral de San Xiao e posterior Procesión co Santísimo polas rúas da cidade.

CONFRARÍA DAS ANGUSTIAS

Día 22 de abril

■ **Santo Via Crucis**

Lugar: Santuario das Angustias

Hora: 19.00 horas

Día 23 de abril

■ **Entrega de esmola para o refuxio do St^e Hospital de Caridade**

Lugar: Santuario das Angustias

Hora: De 9.00 a 20.15 horas

CONFRARÍA DA MERCÉ

Día 19 de abril

■ **Cerimonia do Envío de novos Confrades**

Lugar: Capela da Mercé - **Hora:** 19.30 horas

Día 21 de abril

■ **Conmemoración da Cea do Señor**

Lugar: Capela da Mercé - **Hora:** 17.00 horas

■ **Adoración ao Santísimo**

Hora: 18.00 horas

Día 22 de abril

■ **Paixón do Señor e adoración da Cruz**

Lugar: Capela da Mercé - **Hora:** 18.00 horas

Día 23 de abril

■ **Vixilia Pascual**

Lugar: Capela da Mercé - **Hora:** 21.00 horas

CONFRARÍA DO SANTO ENTERRO

Día 20 de abril

■ MÉRCORES SANTO

Lugar: Concatedral de San Xáio

Eucaristía: 19.30 horas

Instalación da Capela-Túmulo: 20.00 horas

Día 21 de abril

■ XOVES SANTO

Lugar: Concatedral de San Xáio

Oficios. Misa da Cea do Señor: 18.00 horas

Hora Santa: 22.00 horas

Día 22 de abril

■ VENRES SANTO

Lugar: Concatedral de San Xáio

Viacrucis: 12.00 horas

Oficios. Paixón do Señor: 17.00 horas

Procesión Litúrxica do Santo Enterro: 19.00 horas

Vésperas ao Santo Cristo: 20.30 horas

Vixilia ante o Sepulcro: 21.30 horas

Día 23 de abril

■ SÁBADO SANTO

Lugar: Concatedral de San Xáio

Solemne Vixilia Pascual: 23.00 horas



CONFRARÍA DA ORDE TERCEIRA

Día por fixar

■ Concerto Sacro

Lugar: Capela da Venerable Orde Terceira de San Francisco

Hora: 20.00 horas

Día 14 de abril

■ Traslado do Cristo da Boa Morte e imposición de hábitos

Hora: 19.30 horas

Día 17 de abril

■ ViaCrucis

Lugar: Capela da Venerable Orde Terceira de San Francisco

Hora: 19.15 horas

Día 19 de abril

■ Beixamáns á Santísima Virxe da Soidade

Lugar: Capela da Venerable Orde Terceira de San Francisco

Hora: 19.15 horas

Día 22 de abril

■ Vésperas á Santísima Virxe

Lugar: Capela da Venerable Orde Terceira de San Francisco

Hora: 20.00 horas

CONFRARÍA DE DOLORES

Día 9 de abril

■ **Comezo do Setenario da Virxe de Dolores**

Hora: 19.00 horas

■ **Imposición de hábitos aos novos confrades**

Lugar: Igrexa de Dolores

Hora: 20.00 horas

Día 15 de abril (Venres de Dolores)

■ **Santa Misa (actuación da Coral Polifónica Ferrolá)**

Lugar: Igrexa de Dolores

Hora: 19.00 horas

Día 17 de abril (Venres de Dolores)

■ **Beizón de Palmas e Ramos**

Lugar: Praza de Amboaxe

Hora: 12.15 horas

■ **Santa Misa**

Lugar: Igrexa de Dolores

Hora: 12.30 horas

Día 20 de abril

■ **Acto Litúrxico**

Lugar: Igrexa de Dolores

Hora: 21.30 horas



2º CICLO DE
MÚSICAS

RELIXIOSAS E DA ILUSTRACIÓN

ESPIRITUALIDADE E RAZÓN



FERROL, 17, 20, 22 E 24 DE ABRIL
CONCATEDRAL DE SAN XIAO
CAPELA DA ORDE TERCEIRA
CAPELA DO CENTRO TORRENTE BALLESTER
CAPELA DAS ANGIUSTIAS

LA PAIX DU PARNASSE

Os Misterios do Rosario

Sonata IV: "Presentación do Neno Xesús no Templo"

H.I.F. Biber Ciaccona (1644-1704)

Historias Bíblicas:

"Ezequiel agonizante e sanado"

J. Kuhnau (1660-1722)

Os Misterios do Rosario

Sonata XIV: "A Asunción de María"

H.I.F. Biber

(Prelude) Grave - Adagio. Aria- Aria - Gigue

Sonata nº 10 para viola da gamba

Arie "Herr Jesu Christ du höchstes Gut" und variatio

A. Kuhnau (1645-1700)

Os Misterios do Rosario

O Anxo Gardián

H.I.F. Biber Passacaglia

Trísonata en Sol Maior BWV 1039

J.S. Bach (1685-1750)

Adagio-Allegro ma non presto-Adagio e piano-Presto

Antonio Carrilho, frautas de pico

Javier Aguirre, viola da gamba

Diego Fernández, clave

CONCERTO DOMINGO, 17 DE ABRIL (20.30 H.)

Concatedral de San Xiaó

LA PAIX DU PARNASSE

Antonio Carrilho, frautas de pico

Javier Aguirre, viola da gamba

Diego Fernández, clave

Programa:

O BARROCO ALEMÁN NA PAIXÓN

La Paix du Parnasse é un grupo especializado no repertorio dos séculos XVII e XVIII, e que busca amosar con todas as posibilidades dos instrumentos que integran o ensemble a máis ampla paleta de cores posible para transmitir toda a esencia desta música. Unha das prioridades deste grupo é a posta en valor dos afectos e a expresividade que encerra esta música e que non sempre se consegue amosar con claridade.

O grupo, integrado por músicos procedentes de importantes conservatorios europeos (Lyón, A Haya), actuou en diversos puntos de España e Portugal. Especializados no repertorio italiano dos séculos XVII e XVIII, tamén abordan outros repertorios como o francés (Philidor, Hotteterre) así como a música alemana.

CONCERTO MÉRCORES, 20 DE ABRIL (20.30 H.)

Capela da Orde Terceira

CORO MÚSICA ANTIGA E ULTREIA

de FRANCISCO LOGROÑO (atrib.), Mestre de Capela da Catedral de Santiago de Compostela (1536-1570).

Programa:

LUX AETERNA

Officium Defunctorum et Missa Pro Defunctis

O **Oficio e Missa de defuntos** constitúe un conxunto musical unitario de gran valor contido nos Cantorais de Polifonía V e VI recollido no Arquivo Catedralicio, que confirma o afianzamento da polifonía en Santiago no S. XVI, época da recompilación dos ditos libros de canto, que foron exquisitamente copiados cara a 1780 por Manuel Antonio Méndez.

Este feito confirma a utilización práctica desta música durante longo tempo na solemne liturxia da Catedral. O propósito é, pois, a recuperación e reconstrución do ambiente musical dunha daquelas celebradas funcións litúrxicas da época. Para iso cóntase coas transcricións do profesor López Calo contidas na obra **A música na Catedral de Santiago**, Vol. VI. (Deputación da Coruña, 1995).

O propio autor desta magnífica obra coméntanos acerca desta música, que pola súa calidade e valía a fan comparable ás obras dos outros grandes músicos españois da época e que en todo caso, a impresión que en definitiva se extrae do estudo destes manuscritos, é a dunha testemuña explícita da práctica real daquela nunha catedral española, e en concreto en Santiago. Os dous cantorais presentan anónimo todo este oficio e missa de defuntos aínda que a tradición catedralicia e os inventarios atribúenlo a **Francisco Logroño**, mestre de capela da Catedral de Santiago entre os anos 1536 a 1570.

MÚSICA ANTIGA E ULTREIA

Fernando Olbés Durán, director

O BONE IESU:
Motetes e Cantatas de Paixón do Barroco Europeo

Erunt signa in sole et luna (Diego de Muelas)
Toccata (G.G. Kapsberger)
Oh bone Iesu (Giovanni felice Sances)
Erat Petrus (Barbara Strozzi)

Tocata 10 (G.G. Kapsberger)
Non me move o meu Deus
(Domenico Mazzochi)

Ancidemi pur (G.G. Kapsberger)
La Maddalena ricorre alle lagrime (Domenico Mazzochi)
Prelude (Robert de Visée)
Stabat Mater (Marc Antoine Charpentier)

¡Ay de mí! (Sebastián Durón)
Pasacalle (G. G. Kapsberger)
Nestas soidades: "Tonada sola para miserere" (Juan del Vado)

Prelude (Robert de Visée)
O filii et filiae (Gillaume Gabriel Nivers)
Chaconne (Robert de Visée)
Oh Maria (Barbara Strozzi)

Mercedes Hernández, soprano
Fernando Reyes, tiorba, guitarra barroca

CONCERTO **VENRES, 22 DE ABRIL (20.30 H.)** **Capela do Centro Torrente Ballester**

Mercedes Hernández, soprano
Fernando Reyes, tiorba, guitarra barroca

Programa:

O BONE IESU: Motetes e cantatas de Paixón do Barroco Europeo

Mercedes Hernández

Nace en Santiago de Compostela. Estuda canto, especializándose en música antiga, no Conservatorio de Toulouse (Francia), na Musikhochschule de Trossingen (Alemaña), e na Schola Cantorum Basiliensis (Basilea-Suíza) con profesores como Guillemette Laurens, Richard Levitt e Montserrat Figueras. Colabora en concertos e gravacións con destacados grupos como La Capella Reial de Catalunya, que dirixe Jordi Savall, Le Parlement de Musique, dirixido por Martin Gester, Ensemble Elyma, con Gabriel Garrido, The Harp Consort con Andrew Lawrence King, La Fenice con Jean Tubery, etc., actuando en moitos dos principais auditorios e festivais de Europa e América. Funda Resonet co laudista Fernando Reyes en Santiago de Compostela.

Fernando Reyes

Inicia a súa formación musical como neno cantor na Escolanía da Catedral de Santiago de Compostela. Especialízase nos instrumentos antigos de corda pulsada no Conservatorio de Toulouse (Francia) e na Staatliche Hochschule für Musik de Trossingen (Alemaña) con Rolf Lislevand. Como instrumentista realiza una intensa actividade de concertos e gravacións como solista o acompañante en toda Europa. Ademais compuxo e dirixiu a música de diversas obras teatrais e publicou varios artigos sobre música antiga, guías musicais e libros-CD. Impartiu numerosos seminarios, cursos e conferencias en diferentes universidades e centros de ensino europeos.

CONCERTO DOMINGO, 24 DE ABRIL (20.30 H.)

Capela das Angustias

CHIOME D'ORO

Capucine Keller, soprano

Rodrigo Calveyra, cornetto

Gustavo Gargiulo, cornetto

Pierre-Louis Rétat, clave, órgano e dirección

Programa:

PIEDADE E FERVOR: Os afectos na música sacra do século XVII

CHIOME D'ORO, fundado en 2009 por Pierre-Louis Rétat, clavecinista e director do ensemble, optou por explorar o mundo da música barroca a través da relación entre o texto e a música. A partir do ritmo natural da prosodia do texto, Chiome d'Oro busca atopar una certa naturalidade e simplicidade na súa proposta musical.

A liberdade na declamación vocal pode desenvolver un discurso libre tamén por parte dos instrumentistas, que se entregan á improvisación dunha maneira moi particular. Por outra banda, en paralelo á prosodia, pretende explotar as facetas do chiaroscuro, coñecida técnica da pintura barroca que consiste en contrastar cores claras e escuras.

Os músicos novos que compoñen o ensemble, procedentes de diversos horizontes (Arxentina, Brasil, España, Francia e Suíza), participan en sonados ensembles de Europa, e executan a súa música con instrumentos históricos, afondando na súa interpretación baseándose nos diversos tratados de ornamentación do período barroco.

PIEDADE E FERVOR:

Os afectos na música sacra
do século XVII

Stillate dolorosi miei lumi

La tromba della divina Misecordia
Giovanni Battista BASSANI (1647-1716)

O Dulcissima Virgo

Antonio RIGATTI (1613-1648)

Venite sicientes

Claudio MONTEVERDI (1567-1643)

Motetto Angelorum ad convivium

Giovanni LEGRENI (1626-1690)

Sonata en eco

Giovanni Battista RICCIO (1595-1656)

Piange Madonna

Sigismondo D'INDIA (1582-1629)

O quam Suavis

Francesco CAVALLI (1602-1676)

Canzon Francese in risposta

Ludovico Grossi da VIADANA (1560-1627)

Pianto della Madonna

Claudio MONTEVERDI (1567-1643)

Canzona

Giovanni Battista RICCIO (1547-1597)

Salve Regina

Alessandro GRANDI (1577-1630)

Capucine Keller, soprano

Rodrigo Calveyra, cornetto

Gustavo Gargiulo, cornetto

Pierre-Louis Rétat, clave, órgano e dirección



Coca-Cola

nova



EQUIOCIO 2011

XIV SALÓN DO CABALO DE FERROL
DO 20 AO 24 DE ABRIL
RECINTO FEIRAL PUNTA ARNELA



AVANCE DE PROGRAMA

■ MÉRCORES 20 DE ABRIL

10.00

Apertura recinto

10.00 a 12.00 h.

Curso de Hipoterapia Ecuestre (Pavillón 3)

10.30 a 14.00 h.

Concurso Hípico Nacional CSN** (Pavillón 1)

15.00 a 21.00 h.

Concurso Hípico Nacional CSN** (Pavillón 1)

18.45 h.

Merenda Equiocio: completando a xornada de portas abertas, grazas á colaboración de Coca-Cola e Panrico, convidarase a merendar aos nenos que se atopen en Equiocio 2011 á hora sinalada.

19.00 h.

Cerimonia oficial inauguración "Equiocio 2011".
(Pavillón Hall)

■ XOVES 21 DE ABRIL

10.00

Apertura recinto

10.00 a 12.00 h.

Curso de Hipoterapia Ecuestre (Pavillón 3)





10.30 a 14.00 h.

Concurso Hípico Nacional CSN** (Pavillón 1)

15.00 a 21.00 h.

Concurso Hípico Nacional CSN** (Pavillón 1)

18.30 h.

Nomeamento Padriño "Equiocio 2011"

■ VENRES 22 DE ABRIL

10.00 h.

Apertura recinto

10.30 a 12.00 h.

Curso de Hipoterapia Ecuestre (Pavillón 3)

10.30 a 14.00 h.

■ Concurso Hípico Nacional CSN** (Pavillón 1)

15.00 a 21.00 h.

Concurso Hípico Nacional CSN** (Pavillón 1)

■ SÁBADO 23 DE ABRIL

10.00 h.

Apertura recinto

10.30 a 12.00 h.

Curso de Hipoterapia Ecuestre (Pavillón 3)

10.30 a 14.00 h.

Concurso Hípico Nacional CSN** (Pavillón 1)

15.00 a 21.00 h.

Concurso Hípico Nacional CSN** (Pavillón 1)

19.00 h.

Nomeamento Amazonas/Xinetes Honra "Equiocio 2011" (Pavillón 3)

■ DOMINGO 24 DE ABRIL

10.00 h.

Apertura recinto

10.30 a 12.00 h.

Curso de Hipoterapia Ecuestre (Pavillón 3)

10.30 a 14.00 h.

Concurso Hípico Nacional CSN** (Pavillón 1)





15.00 a 21.00 h.

Concurso Hípico Nacional CSN** (Pavillón 1)

18.00 a 20.00 h.

Concurso de Mascotas (Pavillón 3)

21.00 h.

Entrega de premios: Gran Premio e Clausura (Pavillón 1)

■ RESTO DE ACTIVIDADES DIARIAS EN HORARIO ININTERROMPIDO DE 10 A 21 HORAS

Pavillón Hall

■ Galería de arte Equiocio: con obras de Anxo Álvarez, Luis Rapela, Manuel Gandullo, Pedro Bueno, Ramón Astray, Ricardo Pérez Riño, Spela Trobec e Teresa Añón entre outros.

- Stand Concello de Ferrol
- Stand Camiño de Teixido
- A Viaxe Polar
- Exposición Fotográfica: "Vivindo Ferrol"

Pavillón 2

- Albardaría Ecuestre
- Stands Comerciais
- O Recuncho do Ferrador
- Cafetería e terraza

Pavillón 3

- Zona de ocio infantil e xuvenil
- Pony Club Novacaixagalicia
- Hipódromo Novacaixagalicia
- "A Caixaña Dos Mistos", Curtas de Animación
- Parque Infantil Coca-Cola
- Ludoteca – Guardería
- Zona Infantil Movistar
- Inchables
- Circuito Ciclo – Elípticas
- Zona Hills Mascotas





VISITAS GUIADAS



VISITAS GUIADAS

Información:
Oficinas de Turismo

Magdalena 56. Tel. 981 944 272
Peirao de Curuxeiras. Tel. 682 248 016

XOVES SANTO 21 ABRIL

VENRES SANTO 22 ABRIL

SÁBADO DE GLORIA 23 ABRIL

DOMINGO DE RESURRECCIÓN 24 ABRIL

11.00 H ARSENAL DE FERROL A PÉ

Punto de partida: Porto de Curuxeiras

Duración: 1h. 1/2

Participantes: máximo 30 persoas

Presentación: 15 minutos antes e inscrición na oficina de Turismo do Porto con DNI.

13.00 H. FERROL DESDE O MAR

Cruceiro guiado pola ría no Rías Altas 1

Punto de partida: Porto de Curuxeiras

Duración: 1 hora

Participantes: máximo 100 persoas

Presentación: 10 minutos antes no propio barco

17.00 H. PAIXÓN POR FERROL EN TREN


Visita guiada por Ferrol en tren con diversas paradas para visitar confrarías da cidade e o Cuartel de Dolores.


Punto de partida: Porto de Curuxeiras

Duración: 1h. 1/2

Participantes: máximo 45 persoas

Presentación: 10 minutos antes no tren





40

PAIXÓN
POR FERROL

SEMANA SANTA 2011

VENRES SANTO 22 ABRIL
SÁBADO DE GLORIA 23 ABRIL

17.00 H. AS PANTASMAS VOLVEN A SAN FELIPE

Visita guiada teatralizada na que se explica a historia do castelo con axuda das pantasma do XVIII que o habitan e as súas armas de avancarga.


Punto de partida: Centro de recepción de visitantes á entrada do castelo.

Duración: 1h. 1/2

Participantes: máximo 100 persoas

Presentación: 15 minutos antes do comenzo da representación.

Todas as visitas serán realizadas por guías especializadas acreditadas pola Xunta de Galicia.







EXCURSIONS

INFORMACIÓN E RESERVAS **OFICINAS MUNICIPAIS DE TURISMO**

Oficina central de turismo de Ferrol

Magdalena, 56
Tel. 981 944 272
ferrolturismo@ferrol.es

Punto de información de turismo de Ferrol

Oeirao de Curuxeiras

Avasa Viajes Paco

reservas@viajespaco.com / www.viajespaco.com
Central
R/Tierra 15
15402 Ferrol (A Coruña)
Tel: 981 369 040
Fax: 981 352 441
info@viajespaco.com

Sucursal 1

Praza de Galicia, 6
15004 A Coruña
Tel: 981 126 021
Fax: 981 120 646
coruna@viajespaco.com

Sucursal 2

Estrada Castela 82 – Esq. Villa Soledad
15404 Ferrol (A Coruña)
Tel: 981 330 622
Fax: 981 372 628
Info2@viajespaco.com

EXCURSIÓNS

Ao norte do norte descubre a Galicia máis auténtica, vive a maxia de Santo André de Teixido, as súas tradicións e cumpre coa lenda de que "vai de morto, quen non vai de vivo" a esta recóndita aldea de Galicia.

■ SÁBADO 23 ABRIL

FERROL – SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO – CABO ORTEGAL – CEDEIRA - FERROL

Saída ás 10.00 h. Hoteis Ferrol / Narón – Praza de Galicia

Itinerario en autocar acompañados por **Guía Oficial**

Visitas: Santo André, Cabo Ortegal (Os Aguillóns) e Cedeira

Tempo libre en Cedeira para o almorzo (non incluído)

Regreso estimado a Ferrol sobre as 18.00 h.

Prezo: Adultos 20 euros, Nenos (2-12 anos) e Senior (máis 65 anos) 15 euros

■ DOMINGO 24 ABRIL

FERROL – SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO – ORTIGUEIRA – ESTACA DE BARES - O BARQUEIRO - FERROL

Saída ás 10.00 h. Hoteis Ferrol / Narón – Praza de Galicia

Itinerario en autocar acompañados por **Guía Oficial**

Visitas: Santo André de Teixido, Cariño, Ortigueira, Estaca de Bares e O Barqueiro.

Tempo libre en Ortigueira para o almorzo (non incluído)

Regreso estimado a Ferrol sobre as 18.00 h.

Prezo: Adultos 20 euros, Nenos (2-12 anos) e Senior (máis 65 anos) 15 euros

Nota: o prezo inclúe seguro de asistencia en viaxe.

Agencia Organizadora: Avasa Viajes Paco Agencia Maiorista - Minorista: XG-35





Text panel with multiple lines of small, illegible text, likely providing information about the adjacent painting.



Text panel with multiple lines of small, illegible text, likely providing information about the adjacent painting.





EXPOSICIÓN E ESPECTÁCULOS



■ CENTRO TORRENTE BALLESTER (CTB)

Concepción Arenal, s/n. Tel. 981 944 187

Horario: De martes a sábado de 11.00 a 14.00 h. e de 17.00 a 21.00 h.
Domingos de 11.00 a 14.00 h. (*Entrada libre*)

www.centrotorrenteballester.es

FALSAS APARENCIAS. MIRADAS FRAGMENTADAS SOBRE A INFANCIA

A elección da infancia como fio condutor garda relación coa intención de comunicar ideas sobre a nosa cultura, tradicións e mesmo sobre aqueles tabús que aínda hoxe imperan sobre o mundo dos nenos. A mirada que nos interesa subliñar alónxase das canles tradicionais que amosan a infancia como un estado idílico e desinhibido construído polo imaxinario adulto.

BRUNO. RAMIRO FERNÁNDEZ SAUS

Sala de Proxectos

VÍDEO DO MES. BLUE CHILDREN, 2007

ELAS, NOS FONDOS DO CTB

Sala Máximo Ramos

Ata o 24 de abril

■ CENTRO CULTURAL CARVALHO CALERO (CCCC)

Praza do Inferniño, s/n. Tel. 981 944 186

Horario: De martes a sábado de 11.00 a 14.00 h. e de 18.00 a 21.00 h.
Domingos e luns pechado (*Entrada libre*) - *Ata o 23 de abril*

CARA A CARA

Ciclo de exposicións de pintores ferroláns collidos de dous en dous, cunha diferenza de idade de polo menos unha xeración. Neste exposición José González Collado e Eduardo Hermida elaboran un diálogo pictórico arredor da muller.





■ TEATRO JOFRE

Pza. da Constitución - Tel. 981 944 244

Domingo, 10 de abril

Música. Concerto de bandas (Música de Semana Santa) ás 19.30 h.

Xoves, 14 de abril

Teatro. Homenaxe a Valle Inclán (75 anos). Teatro del Temple (Aragón).
Espectáculo "Luces de Bohemia" ás 20.30 h. Prezo: 10 euros

Venres, 15 de abril

Teatro. Homenaxe a Valle Inclán (75 anos). La Zaranda (Andalucía).
Espectáculo "Nadie lo quiere creer" ás 20.30 h. Prezo: 10 euros

Sábado, 16 de abril

Música clásica. Semana Sinfónica. Orquestra Sinfónica de Galicia ás
20.30 h. Invitación

Domingo, 17 de abril

Música clásica. Semana Sinfónica. Orquestra Sinfónica de Melide.
Espectáculo "Gala Americana" ás 19.30 h. Invitación

Luns, 18 de abril

Música Clásica. Semana Sinfónica. Coro e orquestra Gaos ás 20.30 h.

Sábado, 23 de abril

Música Pop. Concerto "Con nome de muller", Nubla ás 20.30 h. Prezo: 10 euros

Xoves, 28 de abril

Teatro. Programa "Con nome de muller", Espectáculo "La violación de Lucrecia", Nuria Espert
ás 20.30 h. Prezo: 15,10 euros

Venres, 29 de abril

Danza. Día Internacional da danza. Gala Escolas de Danza de Ferrol ás 20.30 h. Invitación

Sábado, 30 de abril

Teatro. "Historias peregrinas", Teatro do Noroeste ás 20.30 h. Prezo: 10 euros

■ CAPELA DO CENTRO TORRENTE BALLESTER

Concepción Arenal, s/n

Martes, 19 de abril

Música pop. Al Vila presenta o seu novo traballo ás 21.00 h. Invitación

Xoves, 21 de abril

Música rock. Festival rock Domineferro. Varios grupos ás 21.00 h.

Xoves, 28 de abril

Música indi. Festival Sinsal, extensión Ferrol. The Dodos ás 22.00 h.

■ EXPONAV

Edificio de Herrerías

Tel. 981 336 017

Horario: De martes a domingo de 10.30 a 14.30 h.

EXPOSICIÓN NACIONAL DA CONSTRUCCIÓN NAVAL

Un percorrido pola historia da construción naval no maior museo de Europa dedicado a esta actividade.

UN MILAGRE NA RÍA

Esta exposición pretende contar como dunha pequena carpintería de ribeira, en anos de escaseces, pásase a un estaleiro que chegou a ser referente mundial e que botou á mar, no seu momento, os buques máis grandes do mundo. Contarase a evolución dun grande estaleiro, ASTANO, a súa tecnoloxía, os seus medios e os seus barcos.

A ARMADA, OS BARCOS, O SEU CICLO DE VIDA, A ENXEÑERÍA NAVAL E AS ESCOLAS

Esta exposición conta como no século XVIII nacen os Arsenais, amosando un diorama da ría de Ferrol e unha maqueta do Arsenal e estaleiro. Amósanse os barcos, o seu ciclo de vida e a orixe dos Enxeñeiros Navais tutelados pola Armada.





■ MUSEO NAVAL

Centro Cultural e Social de Herrerías
Tel. 981 336 000

Horario: De martes a venres, de 9.00 a 13.30 h. Sábado e domingo, de 10.30 a 13.30 h. Luns, xoves santo e venres santo, pechado.

EXPOSICIÓN PERMANENTE DE BARCOS ANTIGOS, MATERIAL DE NAVEGACIÓN, MAPAS...

■ PARQUE AQUACIENCIA XARDÍN TEMÁTICO SOBRE A AUGA

Parque Raíña Sofía - Tel. 981 944 221

Horario: De martes a sábado, de 10.00 a 14.00 h. e de 16.30 a 20.00 h. Domingo, luns e festivos, pechado. *(Entrada libre)*

■ AULA DE ECOLOXÍA URBANA

Parque Raíña Sofía - Tel. 981 944 222

Horario: De martes a domingo, de 10.00 a 14.00 h. e de 16.30 a 20.00 h. *(Entrada libre)*

■ FUNDACIÓN CAIXA GALICIA

Pza. da Constitución, s/n

Horario: de luns a sábado (incluídos Xoves e Venres Santo) de 12.00 a 14.00 h e de 18.00 a 21.00 h.

Domingo e Luns de Pascua: só mañás de 12.00 a 14.00 h.

Servizos de cafetería desde as 9 da mañá con zona WIFI e sala de lectura con prensa diaria.

EXPOSICIÓN SUITE VOLLARD DE PICASSO

Exposición de cen gravados realizados por **Picasso** entre 1930 e 1936. Estamos perante unha das series de gravados máis importantes do xenio e de toda a historia da arte, obras de incalculable valor histórico e artístico agochados durante máis de corenta anos nunha caixa de caudais dun banco parisiño.







GASTRONOMÍA



Ferrol é terra de bo comer e beber, de materias primas de gran calidade e elaborada cociña, e nela atopamos algúns dos produtos gastronómicos que dan fama a Galicia e que constitúen unha enorme despensa de exquisiteces culinarias que satisfán os padais máis esixentes.

Estes poden ser degustados a diario nas horas de tapeo polos bares, mesóns e restaurantes da cidade que, en ocasións como a Semana Santa, soen preparar menús especiais como o exquisito peixe sapo en salsa verde con lagostinos, ameixas e grelos, ou os freixós recheos de arroz con leite á canela, entre outros pratos que sacan o mellor partido aos nosos produtos.

MARISCOS E PEIXES

Os peixes e os mariscos son os reis da gastronomía ferrolá. A pescada, a robaliza, as sardiñas, os chocos, as xibas, as luras... teñen aquí unha calidade inigualable. Salientamos entre os mariscos, os mexillóns, os berberechos e as ameixas (fina, babosa e rubia) da nosa ría, entre elas a “ameixa das Pías”, de gran valor culinario. Indiscutible tamén o especial sabor dos nosos centolos, así como as vieiras e as ostras, xunto cos percebes, un molusco que se pega ás rochas en augas moi batidas; o mar bravo da costa de Ferrol é o sitio ideal onde atopalos.





BICOS DE FERROL

Pasteis típicos que acompañan a celebración das “Pepitas”, onde as rondallas cantan ás mulleres ferrolás a véspera de San Xosé. Os Bicos teñen forma de corazón e están confeccionados cun biscoito de cacao, recheo con crema de laranxa, con cobertura de chocolate negro, decorado con chocolate branco e unha peperiña de azucre.

TORTA DE FERROL

A torta de Ferrol denomínase tamén “castiñeira”. É moi zumenta e cun intenso sabor a castaña, ingrediente principal. A base é de follado e o recheo confórmase con capas de biscoito e de crema de castaña. Está decorada cunha fina capa de azucre glass.

ARROZ CON LEITE

É a sobremesa máis típica de Ferrol e ten unha merecida sona polo seu exquisito sabor, a súa cremosidade e a fina capa de azucre caramelizado que lle dan ese toque especial que o individualiza. O 7 de xaneiro, día de S. Xián, ofrécese a degustación popular desta sobremesa típica ferrolá, coincidindo coa celebración do patrón da cidade.



MENÚS “A PAIXÓN” SEMANA SANTA 2011

Tapas: 2,00 euros

Menú: 15,00 euros

Menú selecto: 45,00 euros

Estas tapas e menús estarán realizados con produtos de primerísima calidade da nosa comarca e serviranse nalgúns establecementos hostaleiros da cidade.

HORARIOS ESPECIAIS DE AUTOBUSES EN SEMANA SANTA

MARTES 19, MÉRCORES 20, XOVES 21 E SÁBADO 23

O primeiro autobús sairá desde a Praza de Galicia (Correos) cara á Malata ás 18.00 h. (servizo gratuíto), realizando servizos cada media hora, e rematando ás 23.00 h.

En canto ao traxecto A Malata-Praza de Galicia, os autobuses comezarán a funcionar ás 18.15 h (servizo gratuíto), cubrindo este traxecto tamén cada media hora.

VENRES 22 DE ABRIL

O servizo comezará a funcionar ás 11.00 h con un autobús que sairá desde Correos cara á Malata e que repetirá o traxecto cada media hora en horario de mañá (servizo gratuíto). Pola tarde, o servizo funcionará de 16.00 a 0.00 h. A parte deste dispositivo especial, a Compañía de Tranvías de Ferrol reforzará tamén o servizo ofrecido polas liñas 9 e 1-2.

LIÑA 9

Mércores: o último bus sairá de Correos ás 23.15 h

Venres: o último bus sairá de Correos ás 23.45 h

LIÑA 1-2

Mércores: saída desde Porto a Neda ás 23.15 h

Venres: saída desde Porto a Neda, ás 23.15 h e 23.30 h

ENSEADA
DA MALATA

EQUIOCIO

PUNTOS DE PARTIDA
DAS PROCESIÓNS

EQUIOCIO

ZONA DE VIÑOS
E TAPAS

60

PAIXÓN
POR FERROL

SEMANA SANTA 2011





ENSANCHE B

RECIMIL

ESTEIRO

ALENA

GRAN DÁRSENA

P

P

P

P

P

i

i

P

P

P

P

P

ESCUELA DE ENSEÑANZA E PROFESION DA AVIACIÓN

CAMPUS DE SICALLOS

CAMPUS UNIVERSITARIO

ESCUELA DE ENSEÑANZA E PROFESION DA AVIACIÓN

CAMPUS UNIVERSITARIO

ESCUELA DE ENSEÑANZA E PROFESION DA AVIACIÓN

CAMPUS UNIVERSITARIO

ESCUELA DE ENSEÑANZA E PROFESION DA AVIACIÓN

CAMPUS UNIVERSITARIO

ESCUELA DE ENSEÑANZA E PROFESION DA AVIACIÓN

CAMPUS UNIVERSITARIO

ESCUELA DE ENSEÑANZA E PROFESION DA AVIACIÓN

CAMPUS UNIVERSITARIO

ESCUELA DE ENSEÑANZA E PROFESION DA AVIACIÓN

CAMPUS UNIVERSITARIO

ESCUELA DE ENSEÑANZA E PROFESION DA AVIACIÓN

CAMPUS UNIVERSITARIO

ESCUELA DE ENSEÑANZA E PROFESION DA AVIACIÓN

CAMPUS UNIVERSITARIO

ESCUELA DE ENSEÑANZA E PROFESION DA AVIACIÓN

CAMPUS UNIVERSITARIO

ESCUELA DE ENSEÑANZA E PROFESION DA AVIACIÓN

CAMPUS UNIVERSITARIO

ESCUELA DE ENSEÑANZA E PROFESION DA AVIACIÓN

PAIXÓN POR FERROL

SEMANA SANTA 2011
DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL

Ferrol
Turismo

 ASOCIACIÓN DE
EMPRESARIOS
DE HOSTALERIA
FERROL E COMARCAS

cámara
Ferrol



COORDINADORA
DE COFRADÍAS



Concello de Ferrol
PROMOCIÓN TURÍSTICA